



CG/ip

Asunto	Solicitud de informe sobre o estudo de impacto ambiental	Clave	PE/CO/001/20(1)
Proxecto	Parque eólico "O Cerqueiral"		
Espazo natural	Ningún		
Conca fluvial	Vao		
Concello	Cabana de Bergantiños, Coristanco e Santa Comba		
Provincia	A Coruña		
Solicitante	Servizo de Enerxía e Minas. Xefatura Territorial da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación. Delegación territorial da Coruña	Ref.	IN408A 2019/15
Promotor	Greenalia Wind Power O Cerqueiral S.L.U.	Ref.	

I. Antecedentes administrativos.

O proxecto indicado é unha solicitude de novo parque eólico presentada ao abeiro da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

O 23/01/2020 a Dirección Xeral de Enerxía e Minas remite un oficio ao Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos no que solicita que elabore o documento de alcance do estudo de impacto ambiental, ao abeiro do artigo 34 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental. Achegan para iso, xunto coa solicitude de autorización presentada polo promotor o 15/03/2019, o documento titulado Documento de inicio para sometimento a evaluación del parque eólico "O Cerqueiral", en los términos municipales de Cabana de Bergantiños, Coristanco e Santa Comba (A Coruña). Febrero 2019.

O 21/02/2020, o xefe do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostenibilidade e Cambio Climático mediante nota solicita á Dirección Xeral do Patrimonio Natural que informe en relación co alcance e contidos específicos que debería incluír o estudo de impacto ambiental ordinaria do proxecto de parque eólico O Cerqueiral, sinalando o tipo e grado de detalle da



información ambiental que consideran necesaria, así como calquera outra observación sobre posibles alternativas de actuación, informacións ou normas que deban ser consideradas polo promotor

O 16/10/2020 a Dirección Xeral do Patrimonio Natural emitiu informe sobre a consulta do alcance da avaliación de impacto ambiental do proxecto 2020/0019 parque eólico O Cerqueiral.

Mediante nota do 12/11/2020, do Servizo de Enerxía e Minas, Xefatura Territorial da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación. Delegación territorial da Coruña, tivo entrada, na Dirección Xeral de Patrimonio Natural, de conformidade co establecido no artigo 37.2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, a petición de informe relativo á seguinte documentación:

- “ESTUDIO DE IMPACTO AMBIENTAL DEL PARQUE EÓLICO “O CERQUEIRAL”, EN LOS TÉRMINOS MUNICIPALES DE CABANA DE BERGANTIÑOS, CORISTANCO Y SANTA COMBA (A CORUÑA)”. Marzo 2020

Especificase que se solicita consulta para que, de acordo coas competencias desta dirección xeral, especialización ou ámbito de actuación, se lles informe en relación o inventario ambiental e as posibles afeccións do proxecto aos valores naturais do conxunto da zona, medidas a adoptar para a súa protección e conservación, efectos acumulativos ou sinérxicos con outros proxectos na zona, idoneidade das medidas protectoras e correctoras e o plan de vixilancia ambiental, así como sobre calquera outra cuestión que estimen oportuna no ámbito das nosas competencias.

Na súa elaboración tívose en consideración a información aportada coa solicitude remitida, así como as observacións formuladas polo Servizo de Patrimonio Natural de A Coruña, no documento subscrito o 16/07/2021.

II. Resumo do proxecto.

O parque eólico “O Cerqueiral”, desenvólvese nos concellos de Cabana de Bergantiños, Coristanco e Santa Comba (A Coruña), cunha potencia de 27 MW que





contempla a instalación de 6 aeroxeradores de potencia unitaria 4,5 MW. Por tanto o parque eólico ha de someterse ao trámite de avaliación ambiental ordinaria.

As principais características do parque eólico proxectado son as seguintes:

Número de aeroxeradores	6
Modelo aeroxerador	L 136
Potencia nominal unitaria (kW)	4.500
Potencia total instalada (MW)	27
Altura do buje (m)	111
Diámetro do rotor (m)	136
Producción media neta ou vertida a rede (MWh/ano)	88.758
Horas netas equivalentes a potencia nominal	3.287 H

Co ou fin de adecuar as instalacións proxectadas á contorna e ás condicións técnicas realizaranse unha serie de actuacións para optimizar a actividade como, accesos e camiños interiores, cimentacións, plataformas, gabias, movementos de terras, zona de provisión de materiais durante obra, etc.

III. Análise da documentación.

Examinada a documentación recibida e considerando a información achegada polo Servizo de Patrimonio Natural de A Coruña de data 16/07/2021, realízase a seguinte análise:

1. O lugar onde se localiza o proxecto non ostenta ningunha figura de espazos naturais protexidos, das recollidas na Lei 5/2019, do 2 de agosto, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade de Galicia, e na Lei 42/2007, do 13 de decembro, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade.
2. De conformidade co artigo 75 da Lei 5/2019, do 2 de agosto, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade de Galicia, a zona de actuación non está comprendida dentro dos límites de ningunha área protexida por instrumentos internacionais.
3. Revisado o Inventario de humidais de Galicia (IHG), creado polo Decreto 127/2008, do 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidais





protexidos e se crea o Inventario de humidaís de Galicia, obsérvase que, o desenvolvemento do proxecto, non afecta a ningunha das zonas húmidas recollidas no dito inventario.

4. O proxecto non afecta a áreas prioritarias para avifauna ameazada e/ou zonas de protección da avifauna contra liñas eléctricas de alta tensión, segundo o establecido na Resolución do 18 de setembro de 2018, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, pola que se actualiza a delimitación das áreas prioritarias de reprodución, de alimentación, de dispersión e de concentración local de aves incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas e se dispón a publicación das zonas de protección existentes na Comunidade autónoma de Galicia en que serán de aplicación medidas para a protección da avifauna contra a colisión e a electrocución en liñas eléctricas de alta tensión.

5. A actuación prevista esta contorna aos diferentes Canles Fluviais

Rios/Regos/Encoros	
Rego da Bordesca	Río de Regos
Rego Padrín	Rego de Boaña
Rego da Uceira	Rego de Couso
Rego de Porco Páramo	Rego da Ponte Trilla

6. De conformidade co Atlas de hábitats naturais e seminaturais de España (2005), realizado polo Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente (actual Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico), na zona de actuación localízanse teselas onde se identificaron os seguintes hábitats naturais de interese comunitario ou prioritarios:

Código UE	Prioritario	Denominación
4030	Non	Uceiras secas europeas
4020	Si	Uceiras húmidas atlánticas de zonas mornas de <i>Erica ciliaris</i> e <i>Erica tetralix</i>
3110	Non	Augas estancadas, oligotróficas ou mesotróficas con vexetación de <i>Littorelletea uniflorae</i> y/o <i>Isoetes-Nanojuncetea</i>

7. No ámbito de actuación non están presentes árbores ou formacións incluídas no Decreto 67/2007, do 22 de marzo, polo que se regula o Catálogo galego de árbores senlleiras.





8. Segundo se deriva da información dispoñible na Dirección Xeral de Patrimonio Natural, a cuadrícula na que se inclúe o ámbito de actuación do proxecto (UTM 10x10 29TNH17), correspóndese coa área de distribución das seguintes especies protexidas, incluídas no Decreto 88/2007 do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas (CGEA):

✦ Fauna

Especie	CGEA 29TNH17
INVERTEBRADOS	
<i>Margaritifera margaritifera</i>	E
<i>Charonia lampas</i>	V
<i>Geomalacus maculosus</i>	V
<i>Oxygastra curtisii</i>	V
ANFIBIOS	
<i>Chioglossa lusitanica</i>	V
AVES	
<i>Tetrax tetrax</i>	E
<i>Milvus milvus</i>	E
<i>Gallinago gallinago</i>	E(1)
<i>Vanellus vanellus</i>	E(1)
<i>Circus pygargus</i>	V
<i>Scolopax rusticola</i>	V(1)
MAMÍFEROS	
<i>Myotis myotis</i>	V
<i>Rhinolophus ferrumequinum</i>	V
<i>Rhinolophus hipposideros</i>	V

(E) En perigo de extinción.

(V) Vulnerable.

(1) Poboación nidificante.

(2) Poboacións insulares.

(3) Poboación do Cantábrico e Arco Ártabro: dende cabo Ortegal ata as illas Sisargas, Cantábrico: de cabo Ortegal ata o río Eo, incluído.

(4) Poboacións de baixa altitude da provincia da Coruña e poboacións de montaña da provincia de Ourense.

(5) spp. *schoeniculus*.

Non obstante, cabe salientar que os datos sinalados anteriormente están referidos a información asociada a unha cuadrícula 10x10 km, polo que unicamente proporciona unha primeira aproximación de cara á realización da análise. Segundo o "Atlas de aves reprodutoras" publicado polo MITECO en





2003, non é previsible atopar parellas nidificantes na zona onde se localiza este proxecto.

9. O proxecto está afectado polos seguintes plans de conservación e recuperación de especies de fauna e flora:

- ❖ O proxecto está incluído dentro do ámbito de aplicación do Plan de recuperación da subespecie lusitanica da escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus* L. subsp. *lusitanica* Steinbacher) en Galicia, aprobado mediante Decreto 75/2013, do 10 de maio, localizándose sobre unha área tipificada como potencial. Este taxon está cualificado como en perigo de extinción no Catálogo galego de especies ameazadas. Non obstante, de conformidade co IHG e co artigo 6 do decreto anteriormente referido, non se prevé ningunha afección sobre a especie, ao non confirmarse a existencia de ningún humidal no ámbito de actuación:

Artigo 6. Área de distribución potencial

No presente plan inclúense na área de distribución potencial todos aqueles humidais costeiros que poderían ser empregados pola subespecie ben como áreas de descanso durante movementos dispersivos ou entre as áreas de distribución actual, ou ben en épocas diferentes ás de cría, en especial durante o inverno. A delimitación da zona inclúe todos os humidais de Galicia con vexetación palustre de gran porte presentes entre a liña de costa e 15 km cara ao interior, e represéntase graficamente no anexo II.

10.A zona de actuación sitúase no ámbito de propostas técnicas de zonificación de plans de conservación/recuperación de especies ameazadas que se están elaborando na Dirección Xeral de Patrimonio Natural, das que se obtén a seguinte información:

Especie	Categoría	Zonificación
<i>Centaurea ulreiae</i>	perigo	Área Potencial

11. Con respecto as observacións efectuadas polo Servizo de Patrimonio Natural de A Coruña relacionadas cos valores naturais, salientanse as seguintes:

❖ **ANÁLISE DO MEDIO FÍSICO**

O apdo. 5 do EsIA desenvolve a descrición da situación preoperacional. Polo que atinxe a verificación do EsIA realizada por este órgano procede mencionar:





- A zona obxecto de estudo, onde se localizarán as máquinas, esta situada nas elevacións de A Costa e O Cerqueiral ó oeste, e Cruz de Parada ó Leste. Os vieiros necesarios de acondicionamento cruzan os curso de rego Braña da Serra, rego de Boaña e dous afluentes do mesmo, e tamén cunha drenaxe para a canalización dos terreos próximos. As gavias de cableado tamén realizan o cruzamento en tres puntos. As estruturas foron proxectadas a mais de 100 m dos cursos fluviais a excepción de catro zonas, que resultan máis próximas.
- De acordo coa información proporcionado no apartado 5.1.2.1.2. do EsIA , no que se analiza a vexetación actual, faise referencia ás formacións vexetais localizadas sobre os terreos nos que se levarán a cabo movemento de terras e tarefas de nivelado, incluíndo todos os taludes tanto de plataformas como de vieiros. E descrito que unha parte da superficie ocupada polas estruturas do proxecto aséntase sobre terreo alterado (rozado, infraestruturas e calle baixo a liña eléctrica; 33,66%). O 18,19% do terreo sobre o que será necesario actuar encóntrase ocupado por plantacións de eucalipto e pino insigne con fins produtivos e o 10,87% por masas de arborado disperso nas que se observan pes de pino e eucalipto xunto con matos baixos. As formacións arbustivas supoñen o 25,96% da superficie ocupada (matos alto e baixo), observando tamén prados no 11,32% da superficie afectada.
- A liña de interconexión entre o centro de seccionamento e control do parque eólico O Cerqueiral e a subestación do parque eólico Campelo é proxectada integramente por unha gabiá subterránea cuxo trazado é realizado polas pistas forestais existentes, discorrendo pola plataforma dos vieiros ou polas marxes, sendo terreo que non conta con cuberta vexetal.
- Tal e como se recolle no inventario, das especies botánicas encontradas na zona de estudio que figuran non anexo I do EsIA nos traballos de campo realizados, non se localizou ningunha especie incluída nas categorías de ameaza. Significan a este respecto, que dada a localización dun tramo da





pista existente que será necesaria acondicionar e un tramo da gabiá de cableado entre a máquina 06 do parque eólico O Cerqueiral e a máquina 08 do parque eólico Campelo dentro da área potencial da especie protexida *Centaurea ulreia*, segundo a delimitacións recollidas no borrador do Plan de recuperación das especies *Centaurea ulreia* e *Euphorbia uliginosa* realizado no ano 2010, foi levada a cabo unha prospección específica dos terreos, non localizándose tampouco ningún exemplar da mesma.

O apdo. 5.1.2.3.- realiza a análise da fauna do emprazamento do proxecto. Neste efectúase a recompilación dos elementos da biodiversidade de acordo coa recompilación bibliográfica. Segundo se indica foi consultado o Inventario español de especies terrestres (actualizado en 2015) que ten como obxectivo satisfacer as necesidades e requirimentos do Real Decreto 556/2011, de 20 de abril, para o desenvolvemento do Inventario Español do Patrimonio Natural e da Biodiversidade. De forma complementaria, foi consultado tamén a Base de datos de anfibios e réptiles de España, a 8ª actualización do Atlas de anfibios e réptiles de Galicia, o Atlas dos morcegos de Galicia, o Atlas dos mamíferos de Galicia e Noticiario ornitoxeográfico galego. La información recopilada nos distintos atlas preséntase por cuadrículas UTM de 10 km, 100 km², enmarcándose na zona de estudio na cuadrícula 29TNH17. Como conclusión da táboa que se presenta, segundo os datos do inventario bibliográfico poderían existir no entorno unha especie de anfibio (*Chioglossa lusitanica*), e una especie de avifauna que teñen a condición de vulnerables (*Circus pygargus*). Do traballo de campo realizado ó efecto pode deducirse:

- Foron detectados tres especies, o busardo ratonero (*Buteo buteo*), o cernícalo vulgar (*Falco tinnunculus*), o azor común (*Accipiter gentilis*) e o gavián común (*Accipiter nisus*).
- Fon contabilizados un total de 427 exemplares de 28 especies diferentes, incluíndo os non paseriformes detectados durante a realización de transeptos. As especies mais abundantes foron *Troglodytes troglodytes*, *Corvus corone*, *Erithacus rubecula* e *Sylvia undata*, que xuntos suman un 48,48% dos contactos.





- Durante as campañas de nidificación de aguiluchos do xénero *Circus*, non se teñen detectado ningunha parella nidificante, tampouco se ten detectado ningún exemplar destas especies durante as mostraxes.
- O transepto e estacións de quirópteros revelan a presenza de dous especies deste grupo faunístico no entorno das infraestruturas: morcego enano (*Pipistrellus pipistrellus*), e morcego ratoneiro sen poder especificar a especie (*Myotis sp*). O morcego enano (*Pipistrellus pipistrellus*) se ten detectado en baixa abundancia relativa, mentres que o morcego ratoneiro (*Myotis sp*) detectouse nunha única pasada.
- Segundo a cartografía parte da zona de estudio encontraríase dentro da área de distribución potencial do escribano palustre iberoriental (*Emberiza schonieclus lusitanica*). Aínda que o proxecto se localiza dentro da banda de 15 km da liña de costa, encóntrase a mais de 12 km, non se aprecia que afecte a humidaís con vexetación palustre nin onde se desenvolven os hábitats mais propicios desta especie que son os humidaís e os cultivos próximos.

❖ A AVALIACIÓN AMBIENTAL

O apdo. 6 do EsIA desenvolve a identificación e valoración de impactos, desagregando as relacións causa-efecto tanto nas fases de construción, explotación e abandono. Polo que atinxe ós factores bióticos que resultan de interese verificar neste informe sectorial, procede realizar as seguintes observacións:

- Polo que atinxe á hidroloxía, producíranse cruzamentos coa rede fluvial en catro puntos . Pola súa parte a gabiá de cableado cruza en tres ocasións a rede fluvial. Os puntos mais próximos das estruturas construídas coa rede fluvial sitúanse a 120 m.
- O proxecto leva aparelado unha inevitable diminución na cantidade de vexetación como consecuencia de realización de actividades como talas, rozas e escavacións e movemento de terras. A experiencia en episodios de contaminación derivados de actuacións en grandes superficies, fai





recomendable a prospección previa ó inicio de obra de cara a avaliar o potencial contaminante do solo una vez posto en contacto coas augas de chuvia e adoptar as medidas correctoras oportunas.

- A superficie de afección sobre formacións vexetais localizadas sobre terreos nos que se levarán a cabo movemento de terras e tarefas de nivelado, incluíndo taludes, representa 51.488 m².
- De acordo co EsIA na zona afectada non se teñen localizado especies de flora incluídas no Catálogo nacional de especies ameazadas nin no Catalogo galego que puidesen ser afectadas pola implantación do parque eólico. Nos traballos de campo realizados nos terreos que se verán afectados por estes elementos non se localizou ningún exemplar das especies *Centaurea ultreiae* e *Euphorbia uliginosa*.
- Segundo o EsIA aínda que se producirá afección sobre hábitats naturais en bo estado de conservación (3.935 m²), tan so 174 m² se corresponden con terreos onde se localizan formacións de 4020* so ou en mistura con 4030 con outros matos, localizándose estas actuacións na proximidade ds pistas existentes que será necesario acondicionar de xeito que manchas de hábitats non se verán fragmentadas. Pola súa parte os traballos que se levarán a cabo baixo o vo dos aeros 28.791 m² e o control da biomasa ata os 100 metros (42.933 m²), contribuirán á recuperación dos hábitats naturais.
- O proxecto de acordo co indicado no apdo 6.3.9 do EsIA é susceptible de afectar negativamente á fauna. No que atinxe ós anfibios, dos cales existe presenza de especies catalogadas non ámbito (*Chioglossa lusitánica*). Debido ás escasas actuacións que se realizarán nas inmediacións dos cursos de auga, sen que se vexan afectadas as zonas de reprodución , el impacto é cualificado como " pequeno".
- Con relación á especie aguilucho cenizo (*Circus pygargus*), a presenza parece pouco probable, tendo previsto a prospección mais exhaustiva aínda que merecen especial atención *Accipiter gentilis*, *Buteo buteo*, *Falco tinnunculus*, *Sylvia undata*, e *Caprimulgus europaeus*.





- No que atinxe ó risco de colisión coas palas dos aerogeneradores da avifauna o EsIA desenvolve unha análise comparativa en referencia ó risco de colisión descrito no apado 6.3.9 (pax 237-241) , significando que a zona do parque eólico non presenta un interese especial podendo prever que as colisión serán pouco frecuentes, aínda que non é descartada.
- Con relación ás afeccións a quirópteros indícase que a posible existencia de impactos sobre as poboacións de aves e quirópteros se verá reflectida nos seguimentos de especies, podéndose avaliar de unha maneira mais concreta a aparición dos mesmos, unha vez que se teñan os datos completos do estudo preoperacional desta comunidade, reflectindo por agora os datos obtidos que a presenza na zona sería moi reducida, e en consecuencia unha baixa probabilidade de que se xeren efectos adversos significativos.
- Considerouse no EsIA que a execución e presenza do parque eólico O Cerqueiral non vai supoñer ningún efecto directo nin indirecto sobre os espazos protexidos pola Rede galega de espazos protexidos e a Rede Natura 2000, non sendo polo tanto necesario establecer medidas preventivas, correctoras nin compensatorias, ni tampouco planear seguimentos a este respecto.
- O EsIA conclúe no seu apdo. 6.5 relativo á valoración cualitativa , sobre a moderación dos impactos e o carácter compatible en relación ós EN e a Biodiversidade. Esta conclusión semella non resultar totalmente coherente cos efectos que se describen no EsIA con relación cos impactos sobre a sobre a fauna, atendendo ademais a superficie afectada, ós efectos esperados e as consecuencias dos mesmos.

❖ EFECTOS SINÉRGICOS

O EsIA desenvolve no apdo. 6.4 os efectos acumulativos e/ou sinérgicos que se producen entre os elementos do presente proxecto con outros proxectos: parques eólicos, subestacións e liñas de alta tensión existentes ou en tramitación. Determina para o radio de 5 Km 7 PE. Para realizar a análise sinérgica sobre a fauna foron considerados todos os parques eólicos, tanto





instalados como en tramitación, que se encontran a menos de 5 km supoñendo que esta separación resulta suficiente para que non se produzan efectos conxuntos sobre a avifauna e quirópteros entre parques, posto que este radio cubre a maior parte das áreas de campeo das principais especies de rapaces.

Da análise realizada merece observar os seguintes aspectos:

- No que atinxe a hidroloxía, impacto non se producirá de maneira individual, considerando polo tanto a imposibilidade de aparición de sinerxías.
- Segundo as conclusións presentadas o efecto sobre o estado de conservación dos hábitats identificados no sería significativo.

En relación coa fauna e as sinerxías presentan como conclusións as seguintes:

- A concentración de infraestruturas podería incidir en unha maior probabilidade de colisión. Non obstante, tendo en conta que as especies presentes na zona de estudo son maioritariamente paseriformes (voo rasante, a escasa altura, por debaixo da zona de barrido) se espera que a sinistralidade sexa baixa ou moi baixa.
- Polo que respecta ás molestias e desprazamentos da fauna, entre as especies que poderían sufrir desprazamentos polo incremento da presenza humana e as súas instalacións, estarían as rapaces nidificantes. Trala realización de un estudio específico de nidificación para as especies do xénero *Circus sp.* e con todos os datos recollidos ata o momento, apuntan a que a área de afección do proxecto non se localizaron territorios de nidificación para as especies mais sensibles nin se teñen detectado exemplares de outras especies de rapaces incluídas dentro do Catálogo Nacional de Especies Ameazadas ou dentro do Catálogo Galego de Especies Ameazadas; polo que se esperan efectos acumulativos de baixa magnitude.
- En cuanto ó efecto barreira, a área de estudo non se trata de unha zona que presente unha elevada densidade de aves, nin conta coa existencia de





importantes rutas migratorias, polo que non se prevé a existencia de efectos acumulativos.

- Das especies vulnerables: aguiluchos cenizo (*Circus pygargus*) e pálido (*Circus cyaneus*) no se teñen citado en ningunha ocasión exemplares de paso na zona, e la campaña específica de seguimento de nidificación de estas especies evidenciouse que no existen parellas reprodutoras na área de implantación do parque eólico.
- O plan de vigilancia ambiental desenvolverá a análise do potenciais efectos acumulativos e/o sinérgicos sobre as poboacións de aves quirópteros xa que, aínda que os riscos esperables serán baixos, poderán ser detectados e corrixidos con prontitude.
- O EsIA conclúe en que non existe nin impactos crítico ni severos, destacando a moderación dos mesmos na fase de obras. No que respecta a fase de explotación destacan a moderación dos impactos xerados polas sinerxías respecto da fauna, sobre a que convén aclarar a provisionalidade dos datos no que resulta sustentada a afirmación.

❖ RISCOS E VULNERABILIDADE

Conforme coa Lei 9/2018, de 5 de decembro, pola que se modifica a Lei 21/2013 o EsIA analiza no apdo. 9 a vulnerabilidade fronte a accidentes, catástrofes concluindo sobre a baixa vulnerabilidade.

O EsIA valora os riscos sísmicos, climatolóxicos, inundacións, de movemento de terreos, desprendementos, risco de incendio, raios, fallos mecánicos, curtocircuitos e derrames concluindo sobre a baixa probabilidade de producirse.

❖ MEDIDAS PREVENTIVAS E CORRECTORAS

O apdo 7.1. desenvolve a descrición das medidas preventivas, correctoras e compensatorias, destacan as medidas sobre a xeodiversidade (7.1.6), a hidroloxía (7.1.7), sobre a flora (7.1.8), os hábitats naturais (7.1.10), as medidas sobre a fauna (7.1.11), as medidas sobre a biodiversidade (7.1.12) e as medidas





sobre os espazos protexidos (7.1.13). do mesmo xeito teñen relevancia as medidas previstas no apdo. 7.1.19.- medidas sobre os efectos sinérxicos.

Resulta relevante tamén as medidas descritas no apdo 7.2. relativas a restauración de zonas alteradas.

❖ PLAN DE VIXILANCIA AMBIENTAL

O escenario descrito no EsIA, propicia o establecemento do programa de vixilancia ambiental proposto que se define no apdo. 8.

Compre chamar a atención do seguimento ambiental da fase de explotación. Aínda que é descrita a baixa probabilidade das colisións e outros efectos, baseadas nas conclusión obtidas nas prospeccións, estas so teñen un valor estadístico e provisional e polo tanto ten moita relevancia o seguimento desde a perspectiva das obrigas reais de conservación de especies.

Semella que, como en outros casos, que deberán de establecerse umbrais de alerta sobre o valor da taxa de mortalidade observada. Deste xeito, superados os niveis de alerta haberá de propoñerse a adopción de medidas encamiñadas a minimizar os efectos.

IV. Conclusións.

Á vista dos antecedentes, da análise da documentación e das achegas efectuadas polo Servizo de Patrimonio Natural da Coruña, considérase que do estudo de impacto ambiental é a calidade do inventario de campo sobre á fauna e o análise é adecuado. Nos anexos I e II do EsIA, realizouse un estudo de campo adecuado, tanto en flora como aves e quirópteros, achegando unha listaxe de especies presentes, observándose que aves como *Buteo buteo* voan frecuentemente nas posicións dos aeroxeradores.

Tendo en conta as características da zona e o efecto acumulativo que conleva o elevado incremento do número de aeroxeradores que se pretenden instalar en Galicia, é necesario que o proxecto incorpore medidas adicionais que garantan a minimización do impacto por colisión de aves e quirópteros.



Por iso, para os quirópteros:

- Restrinxirase a rotación das pas das turbinas o máis posible por baixo da velocidade de réxime, determinando a velocidade do vento en buxe por baixo da cal os aerogeradores permanecerán parados.

No plan de vixilancia ambiental informárase sobre os tempos que a velocidade do vento foi inferior ao limiar establecido e a porcentaxe en que os aerogeradores permaneceron parados por este motivo.

En canto ás aves, deberanse implementar tecnoloxías de redución do impacto por colisións tales como:

- Sistemas de detección baseados en vídeo (DtBird® ou similar), que son sistemas que traballan de forma independente para facer un seguimento das aves e mitigar a mortalidade nos emprazamentos de turbinas eólicas. O sistema detecta as aves automaticamente e pode adoptar dúas medidas independentes para mitigar o risco de colisión das aves: activar sons de alerta ou parar a turbina eólica.

Considerando a frecuencia coa que *Buteo buteo* sobrevoa as posicións dos aerogeradores, o sistema deberá prever a colisión desta especie. Se, durante os traballos de vixilancia ambiental detectásen se outras especies de rapaces, o sistema deberá ampliar o seu paraugas de protección a estas.

- Como medida disuasoria pasiva, o pintado en negro dunha das aspas de cada un dos aerogeradores.

O plan de vixilancia ambiental medirá a mortalidade observada neste parque e a comparará coa mortalidade dos parques lindeiros xa existentes (con aerogeradores sen pintar) para informar si a medida é ou non eficaz, e para que especies.

O estudo no que se basea esta proposta é "Paint it black: Efficacy of increased wind turbine rotor blade visibility to reduce avian fatalities. Roel May, Torgeir Nygård, Ulla Falkdalen, Jens Åström, Øyvind Hamre".

Noutro orde de cousas, e en relación ao lobo, tense que dar cumprimento ao punto 18 ("Efecto barreira das infraestruturas"), apartado 5, do Decreto 297/2008, do 30



de decembro, polo que se aproba o Plan de xestión do lobo en Galicia. Neste senso, no primeiro ano de funcionamento do parque eólico, como parte do plan de vixilancia ambiental, débese remitir á Dirección Xeral de Patrimonio Natural un estudo con datos sólidos sobre a presenza de lobos na área de influencia do parque eólico e debe realizarse unha avaliación e seguimento das afeccións da instalación eólica sobre a poboación de lobos; estrutura social, zonas de cría, uso do espazo, etc.

O presente informe emítese sobre a documentación achegada e sen prexuízo doutras comunicacións, autorizacións e/ou informes precisos debendo cumprir o establecido no resto da lexislación que lle sexa de aplicación. Calquera modificación do proxecto que teña algunha afección sobre o medio natural, requirirá o seu informe correspondente.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente

O xefe do Servizo de Análise de
Proxectos, Plans e Programas

Carlos González Andrés

O subdirector xeral de Espazos Naturais

Tomás Fernández-Couto Juanas